


Guía de lectura



BIBLIOTECAS
municipais



As mellores biografías

A close-up, artistic rendering of a woman's face, focusing on her right eye which is a striking blue. Her hair is dark and styled in a short, wavy bob. The background is a soft, light beige color. The text is overlaid on the lower half of the image.

Dende diferentes ámbitos, e por diferentes motivos, moitos homes e mulleres deixaron a súa profunda pegada na historia . Homes e mulleres que viviron para a música, a ciencia, as artes, a literatura, que loitaron por defender os dereitos universais, se sublevaron, ou que dende o poder determinaron, para ben ou para mal, a vida de moitas persoas. Dende a Biblioteca Ágora ofrecémosvos unha selección de biografías, memorias, cómics, ensaios, películas, novelas... baseadas nestas persoas.

Conscientes de que moitos outros poderían estar aquí representados, pedímosvos a vosa colaboración para valorar os materias seleccionados e recomendar outros que que botedes en falta

Todo pola ciencia!!

Máis alá dos números, dos laboratorios, das probetas... a ciencia está construída por homes e mulleres cunhas vidas cheas de curiosidade, paixón e aventura. A achega destes homes e mulleres ó desenvolvemento da ciencia foi fundamental. As súas investigacións permitiron seguir avanzando en diferentes campos científicos: as matemáticas a medicina, a bioloxía, o coñecemento do universo.... A súa entrega non sempre foi compensada pero o seu traballo permitiunos chegar ata aquí

Autor: David Leavitt

Título: El hombre que sabía demasiado: Alan Turing y la invención de la computadora

Un libro sinxelo sobre un home complexo: Alan Turing. Matemático británico nacido en 1912, precursor da informática moderna e principal responsable do desciframento do código Enigma, empregado polos alemáns durante a Segunda Guerra Mundial para mandar as súas ordes de ataques ás posicións aliadas. Lonxe de ser admirado como un heroe pola súa dedicación a esta investigación que cambiou o curso da guerra, foi xulgado e acusado en 1952 pola súa condición de homosexual e, ignorado por todos, suicidouse dous anos máis tarde

Autor : Javier Casado

Título : Wernher Von Braun : entre el águila y la esvástica

Wernher von Braun, físico estadounidense de orixe alemá, é considerado o pai da era espacial e principal deseñador do foguete Saturn-V co que o home chegou á Lúa. Pero tamén un personaxe moi controvertido pola súa vinculación ao nazismo: afiliado dende 1937 ao partido nazi, foi oficial das Waffen-SS e fíxose cargo, como director técnico, do Centro de Investigacións de Peenemunde, no que se desenvolveron os foguetes-bomba V-2, utilizados para bombardear cidades aliadas.

Autor : Sylvia Nasar

Título : Una mente prodigiosa

John Forbes Nash (Virxinia, 1928) é un matemático norteamericano especialista en teoría de xogos, xeometría diferencial e ecuacións, e famoso por ter rebatido as teorías de Adam Smith có seu sistema de equilibrio de mercados. A súa vida flutúa entre o recoñecemento público, que lle levou a acadar o Premio Nobel de Economía en 1994, e o drama privado debido á esquizofrenia que padeceu durante preto de tres décadas.

Autor : Richard Feynman ; Ralph Leighton

Título : ¿Está usted de broma, Sr. Feynman?

Richard Feynman non foi só un dos físicos teóricos máis destacados do mundo senón tamén unha personalidade insólita e xenial cuxas investigacións sobre a reformulación da teoría cuántica para calcular as interaccións entre a radiación electromagnética e as partículas elementais lle valeron o Premio Nobel de Física de 1965. Na súa biografía e na súa obra danse cita a curiosidade irrefreable, o escepticismo empedernido, o sentido do humor, o gusto pola travesura, a máis vasta cultura e o máis penetrante enxeño.

Autor : **Rosa Montero**

Título : **La ridícula idea de no volver a verte**

Cando Rosa Montero leu o maravilloso diario que Marie Curie comezou tras a morte do seu esposo, e que se inclúe ao final deste libro, sentiu que a historia desa muller fascinante que se enfrontou á súa época lle enchía a cabeza de ideas e emocións. De aí naceu este libro, que ademais de contara extraordinaria traxectoria de Curie, constrúe unha narración que fala da superación da dor, das relacións entre homes e mulleres, da ciencia, da vida e a morte...

Autor : **Andrew Robinson**

Título : **Einstein : cien años de relatividad**

Biografía autorizada de Einstein, explicada a través do seu traballo no campo da física. Presenta a simplicidade que se esconde no mais profundo dos maiores descubrimentos de Einstein. Revela a súa vida chea de paradoxos a través de ensaios dos científicos Stephen Hawking, Philip Anderson e Steven Weinberg. E achéganos á súa vida fóra do ámbito científico: os encontros con algúns personaxes do seu tempo, o seu amor pola música, a súa turbulenta vida familiar...

Dirección: **Richard Dawkins**

Título : **El genio de Darwin : las claves del evolucionismo**

Richard Dawkins, famoso biólogo evolutivo e divulgador científico, lévanos nesta serie de televisión de tres episodios a un percorrido pola vida de Charles Darwin e a súa revolucionaria Teoría da Evolución por medio da selección natural: quen foi Charles Darwin, como desenvolveu a súa teoría, de que trata esta, e por que é importante. E revela ademais como Darwin cambiou a forma en que nos vemos a nós mesmos, ao mundo e ao noso lugar nel.

Autor : **John Banville**

Título : **Copérnico**

O gran debate de Copérnico líbrase entre a conciencia da importancia dos seus descubrimentos e o temor ás represalias da Igrexa. A súa concepción do universo homoxéneo e infinito, situado arredor do Sol, en oposición ao cosmos pechado que tiña ao home como centro, supoñía un desafío para a Igrexa, que non permitiu publicar os seus descubrimentos. A súa evolución profesional vai acompañada da persoal, que Banville expón cunha gran gama de matices.

Autor : **Kitty Ferguson**

Título : **Stephen Hawking : su vida y obra**

Stephen Hawking é unha das figuras máis notables do noso tempo, e unha fonte de inspiración para moitos pola súa capacidade de superación. Esta biografía permite coñecerlo dende a súa infancia, seguir a súa loita coa enfermidade neurodegenerativa que padeceu, e fascinarnos co seu permanente esforzo para acadar a comprensión científica do universo. Esta obra tamén resume e explica aos profanos a ciencia de vangarda coa que Hawking se comprometeu.

Dirección : **Joseph Losey**

Título : **Galileo (1974)**

Galileo, brillante matemático e astrónomo nacido en Pisa no século XVI, contribuíu de xeito decisivo ao desenvolvemento científico coas súas teorías sobre o sistema solar. A película analiza o enfrontamento da Igrexa contra un home que cuestionou o principio de autoridade sobre o que se baseara durante séculos o coñecemento humano.

Dixéronnolo con cores:

Ó longo da historia moitos homes e mulleres dedicaron a súa vida ás artes. Pintores ou pintoras que có seu traballo romperon as conviccións da súa época e abriron novos camiños que revolucionaron as artes. Sempre polémicos, con frecuencia rexeitados no seu tempo. As súas biografías son o reflexo dun espírito inconformista e dunha forza de vontade que o paso do tempo acabou por recoñecer.

Autor : Andrew Gramam-Dixon

Título : Caravaggio : una vida sagrada y profana

Andrew Gramam-Dixon, historiador británico e presentador de arte, pasou máis de 10 anos investigando sobre o pintor máis representativo do Barroco Michelangelo Caravaggio. O resultado é este traballo no que conxuga a descrición da tormentosa vida do pintor (matou a un home, estivo en prisión, el mesmo foi vítima dun intento de asasinato...) coa análise profunda da súa obra e a súa evolución pictórica.

Director : Vincente Minnelli

Título : El loco del pelo rojo (1956)

Minnelli mostra como poucos a sensación de fracaso e soidade que acompañou ao hoxe en día famoso pintor impresionista ao longo da súa vida, e acabou levándoo ao suicidio. Brillantes interpretacións de Kirk Douglas, que sabe destilar en cada xesto a angustia vital do personaxe, e Anthony Quinn, que obtivo un merecido Óscar na súa breve pero extraordinaria encarnación de Gauguin.

Autor : Baltasar Magro

Título : La luz del Guernica

Un percorrido pola vida e a obra do pintor español e unha sincera homenaxe á obra mestra que mellor reflectiu a traxedia da guerra civil española: O Guernica. Escrito como unha reportaxe novelado, o texto divídese en dúas partes. Na primeira, o artista viaxa a Roma, onde coñecerá a obra de Rubens. A segunda aborda o proceso de creación do cadro, encargado a Picasso polo Goberno da Segunda República española para a Exposición Universal de París

Autor : Elena Poniatowska

Título : Leonora

Unha muller que rompeu as convencións sociais e ataduras para conquistar o seu dereito a ser libre, persoal e artisticamente. A máis importante pintora surrealista, viviu unha turbulenta historia de amor co pintor Max Ernst, polo que toleou cando foi enviado a un campo de concentración. A increíble vida de Leonora Carrington é, nas mans de Elena Poniatowska, unha aventura apaixonante, un grito de liberdade e unha elegante aproximación ás vangardas históricas da primeira metade do século XX.

Autor : José Luis Ferris

Título : Maruja Mallo : la gran transgresora del 27

A revolucionaria artista galega Maruja Mallo foi unha das figuras máis importantes da xeración do 27, vinculada, xunto aos grandes nomes do momento (Dalí, Alberti, Lorca...) aos movementos de vangarda do Madrid da época. José Luís Ferris reivindica nesta biografía a esta ousada artista relegada ao esquecemento tralo seu exilio en América Latina. A obra vai acompañada de multitude de anécdotas que ademais de iluminar o século no que viviu excitarán sen dúbida o interese do lector

Director : John Huston

Título : Moulin Rouge (1952)

París, finais do século XIX. O pintor impresionista Toulouse Lautrec , membro dunha familia aristocrática francesa, apaixónase pola vida bohemia dos baixos fondos parisiños e visita con frecuencia o mítico Moulin Rouge, un cabaré onde, mentres bebe, contempla ás sensuais bailarinas que bailan o can-can. Unha película de gran vitalidade, ategada de ritmo e música, que Huston conseguiu captar á perfección.

Autor : Luis Racionero

Título : La sonrisa de la Gioconda

Racionero, escritor e economista catalán, recrea o esplendor da Italia do Renacemento a través dun Leonardo da Vinci que, a piques de morrer, recorda e reflexiona sobre a súa vida. Utilizando os cadernos de notas do propio Leonardo, o autor vai descubriendo a técnica pictórica do gran humanista, e desvelando o simbolismo encerrado na súa obra. O libro obtivo o IV Premio Fernando Lara de Novela, en 1999

Autor : Martin Gayford

Título : Miguel Ángel : una vida épica

Aos trinta e un anos xa se lle consideraba o mellor artista de Italia, e probablemente do mundo; pero para os seus inimigos era unha persoa arrogante e ordinaria, e unha fraude como pintor. Martin Gayford logra transmitir o que se sente ao estar na pel do gran Miguel Anxo, e explica como a súa figura transformou para sempre a nosa noción do que pode chegar a ser un artista.

Autor : J.M.G.Le Clézio

Título : Diego y Frida : una gran historia de amor en tiempos de la revolución

Ela é unha muller fráxil, pero tenaz, rebelde, pintora iconoclasta; el, un home que lle dobra a idade, un terrorífico coloso con reputación de devorador de mulleres, comunista e ateo, que ousa pintar frescos nos que incita a tomar os machetes e os fusís para derrocar a trinidad demoníaca de México: a burguesía, o clero, a clase política... Diego e Frida conta a tormentosa e apaixonada historia dunha parella fóra do común.

Deron a nota

Non é doado ser un xenio da música, nin agora nin hai séculos. A algúns o éxito chegoulles demasiado pronto, e foi difícil de asumir... Outros viron truncadas as súas vidas no momento no que a súa obra estaba en pleno esplendor; os máis non acadaron una paz de espírito que lles permitise vivir a gusto consigo mesmos. Uns poucos lograron vencer o paso do tempo e manter a súa vea creativa ata hoxe... Pero todos fixéronnos sentir mais vivos coa súa música.

Director : [Milos Forman](#)

Título : [Amadeus](#)

Antonio Salieri, o músico máis destacado da corte do Emperador José II de Austria, queda relegado a un segundo plano trala chegada á corte dun mozo chamado Wolfgang Amadeus Mozart ([Tom Hulce](#)). Enfurecido pola perda de protagonismo, fará todo o posible para arruinar a carreira do músico de Salzburgo. Mentres tanto, Mozart, alleo ás maquinacións de Salieri, sorprende a todos coa súa xenialidade como músico, pero tamén coas súas excentricidades.

Autor : [Fernando Argenta](#)

Título : [Los clásicos también pecan](#)

Realmente Vivaldi protagonizou un «armonioso trío» con dúas irmás? Compuxo Mozart algunha das súas obras mentres xogaba ao billar? O popular divulgador musical Fernando Argenta, director dos programas O Conciertazo ou Clásicos Populares, invítanos a traspasar as alcobas dos grandes xenios da música. Desde o rigor e o humor, coñeceremos como vivían, cales eran as súas fontes de inspiración, as súas teimas, ou os seus segredos máis inconfesables

Autor : [Clint Eastwood](#)

Título : [Bird](#)

A fama de Charlie Parker, Bird, crece rapidamente a partir da súa chegada a Nova York en 1940. Pero Parker comeza a abusar do alcohol e as drogas, e a súa vida convértese nun inferno. Desde as primeiras escenas o espectador asiste conmovido á decadencia do lendario saxofonista. Excelente guión e espléndida actuación de Forest Whitaker

Título : [Disfruta de mi si te atreves : Bessie Smith, Billie Holliday, Aretha Franklin, Janis Joplin y las grandes mujeres que marcaron la historia del blues](#)

Autor : [Buzzy Jackson](#)

Apaixonante itinerario pola vida e carreira das grandes mulleres que marcaron a historia do blues, vítimas a miúdo dunha sociedade machista e racista, incomprendidas, apaixonadas , loitadoras... e fortes todas elas. Ao relato colectivo destas voces míticas únese non só o estudo da evolución dun estilo musical e dos seus protagonistas, senón tamén a crónica do propio século XX, un século que viviu a loita imparabile da muller por facerse cos mesmos dereitos do home.

Autor : Mercedes Villena

Título : *Amy Winehouse : un homenaje a la diva del soul del glo XXI*

Aos dezanove anos, Amy Winehouse xa tiña un contrato discográfico cunha multinacional. Era o comezo dunha carreira fulgurante que apenas durou oito anos. A artista londiniense morreu no seu piso de Candelaria aos vinte e sete anos por unha sobredosis de alcohol. Este libro percorre a traxectoria da moza compositora e cantante desde a súa infancia e os seus anos de formación ata as súas crises existenciais e a súa desoladora desaparición.

Dirección : Martin Scorsese

Título : *No direction home* (2005)

Un documental coa garantía de Martin Scorsese que relata a vida de Bob Dylan e o seu impacto na cultura e música popular americana no século XX. O filme céntrase nos primeiros anos da súa carreira : as súas raíces en Minnesota, os seus comezos nos cafés do Greenwich Village, a chegada do éxito en 1966. Joan Baez, Allen Ginsberg e outros comparten os seus pensamentos e sentimentos sobre o mozo cantante que cambiaría para sempre a música popular.

Autora : Patti Smith

Título : *Tejiendo sueños*

Despois do fermoso “Eramos unos niños”, o libro no que desvelaba os recordos da súa mocidade en Nova York co seu amigo e amor Robert Mapplethorpe, Patti Smith, segue entregando libros entrañables nos que reflexiona sobre unha vida intensa e comprometida coa arte. Agora é o caso de Tecendo sueños, unha sorte de memoria poética combinada con breves e poderosas anécdotas cotiás, que vén a ensanchar o universo dunha das mulleres máis emblemáticas do rock.

Autor : Kurt Cobain

Título : *Kurt Cobain : diarios*

Pensamentos, crenzas, cartas persoais, letras de cancións, debuxos, a evolución do grupo, as súas relacións sentimentais, os seus medos... Kurt Cobain plasmou durante anos nun diario a súa controvertida vida íntima e persoal. O material seleccionado neste libro, e mostrado acertadamente na súa versión orixinal, achéganos ás experiencias vitais dun artista convertido xa nunha icona universal. Unha lectura que atrapa desde a primeira páxina

Autor : Keith Richards

Título : *Keith Richards: Vida : memorias*

Asombrando a propios e estraños, Keith Richards escribiu as súas memorias, nas que nos aclara algúns feitos do seu pasado : o uso e abuso de estupefacientes; os seus conflitos coa policía; a empedernida coalición con Mick Jagger; os seus explosivos encontros con personaxes como Dylan, Lennon ou, Clapton; as súas relacións de parella; as extenuantes sesións de gravación; a apracible vida rural nunha mansión de Connecticut franqueados os limiares da senectude...

Título : *Across the Universe: The Beatles*

Xuntos, revolucionaron o pop rock dos anos sesenta e crearon un fenómeno social que arrasou no mundo enteiro, provocando moitas polémicas, escenas de histeria frenética alá onde fosen. Pioneiros en cambiar o modo de tocar, actuar e comercializar o pop rock, tiveron unha inmensa influencia musical e na cultura popular, converténdose en referentes de modas, estilos e opinións políticas no mundo enteiro.

Luces, cámara,... acción!

Fixéronche rir, chorar, soñar, leváronche polos setes mares buscando tesouros agochados, cabalgaches con eles por inmensas pradarias, con eles exploraches o espazo exterior... son os magos do cine: directores furibundos, mulleres fatais, tipos duros e comediantes... que sería da túa vida sen eles? Que foi das súa vidas fora da pantalla?

Título : [Memorias de un amante sarnoso](#)

Autor : [Groucho Marx](#)

*O humor dos Irmáns Marx segue hoxe tan actual como nos anos vinte, e as súas películas convertéronse en clásicos e puntos de referencia indiscutibles do xénero. A brillantez dos diálogos, a comicidade das situacións e, sobre todo, o continuo rirse de todos os valores e as institucións establecidos, son os trazos que fixeron perdurar as súas obras. *Memorias dunha amante sarnoso*, é un hilarante relato de anécdotas sobre a súa vida de e a dos seus irmáns, así como retranqueiras reflexións sobre o amor, a “filosofía marxista, segundo Groucho” e outros temas.*

Título : [Autobiografía](#)

Autor : [Charles Chaplin](#)

Coñeceu a pobreza e o esplendor, criticou o capitalismo, rozou o humor negro e o comunismo, compuxo cancións e redactou partituras, atreveuse a ridiculizar a Hitler e negouse a seguir a corrente... Porque ademais dun soñador, dun idealista, dun creador, dun xenio do cine mudo capaz de facer sorrir, chorar e mergullarnos na máis absoluta melancolía, era un perfecto inconformista. O seu nome, Charles Chaplin.

Título : [Paul Newman: la biografía](#)

Autor : [Shawn Levy](#)

Shawn Levy, un dos máis respectados críticos de cine norteamericanos, constrúe neste libro o primeiro gran retrato biográfico dun dos grandes mitos masculinos da historia do cine. Levy fálanos da súa vida de actor, e tamén desvélanos ao Newman máis descoñecido, mostrándonos algúns aspectos da súa vida persoal e as súas experiencias como empresario, piloto automobilístico, e director cinematográfico.

Título : [Mi semana con Marilyn](#)

Director : [Simon Curtis](#)

Ano 1956. A nova actriz Marilyn Monroe chega a Inglaterra para protagonizar con Sir Laurence Olivier a película "El príncipe y la corista". Colin Clark, un mozo de 23 anos con bos contactos, consegue un traballo como axudante de produción e é testemuña do choque de egos e a tensa relación entre Olivier e Marilyn durante a rodaxe. Michelle Williams foi premiada pola súa interpretación de Marilyn có Globo de Ouro á mellor actriz de comedia ou musical.

Autor : [Joseph McBride](#)

Título : [Tras la pista de John Ford](#)

McBride traza a traxectoria completa da vida de Ford, desde os seus comezos como fillo de inmigrantes irlandeses ata o seu recoñecemento como o máis formidable cineasta americano. Unha biografía ben documentada, (McBride entrevistou a máis de 120 amigos do director, parentes, colaboradores e colegas), que combina a análise da personalidade do autor co estudo da súa filmografía e do contexto histórico no que se produciu a súa obra.

Autor : [Christopher Sandford](#)

Título : [Polanski : biografía](#)

Sandford móstranos a vida apaixonante, complexa e escura, do director. Unha vida cargada de episodios tortuosos: a horrenda experiencia no holocausto, a condena a cincuenta anos de cárcere por manter relacións sexuais cunha menor, a súa fuxida a Francia, o asasinato da súa muller, Sharon Tate por membros da chamada Familia Manson... Sandford tamén fixa a súa mirada escrutadora no triunfo profesional do cineasta, con anécdotas sobre as rodaxes das súas películas.

Autor : [Joana Costa Knufinke](#)

Título : [Heroínas y víctimas del cine](#)

Os mellores personaxes femininos na historia do cine: aventureiras, loitadoras, rebeldes, abnegadas, tolas, ambiciosas, adúlteras, sexis e clamorosas... Almorzan con diamantes, bailan para romper corazóns, loitan pola súa dignidade e aman para ser amadas, caen vítimas do seu propio heroísmo e volven levantarse. Medio centenar de mulleres que conquistaron o mundo a través da pantalla.

Autor : [Davide Toffolo](#)

Título : [Pasolini](#)

Segue vivo Pasolini? Aparentemente si, ou polo menos hai un home que di ser el: talvez unha pantasma, talvez un mitómano; o certo é que o debuxante Davide Toffolo concerta una cita con él para unha longa entrevista. Dacabalo entre o diario e a reportaxe, Pasolini afonda, de forma orixinal e innovadora, no pensamento dun dos máis grandes pensadores italianos na súa carreira como xornalista, escritor e director de cine

A beleza das palabras

Pasa o tempo, cambian as modas, os gustos, pero hai autores que sempre están aí. Coñecemos as súas obras, pero, que sabemos das súas vidas? Poida que nelas atopemos algo para entender ou apreciar mellor os seus libros, pero coidado! Quizais non nos guste o que hai detrás. De todos os xeitos seguro que vale a pena intentalo

Autor : Peter Ackroyd

Título : Shakespeare : la biografía

Nesta biografía o lector acompaña ao universal dramaturgo nos seus primeiros pasos no mundo do teatro isabelino, mostrándolle as convencións teatrais da época, deténdose en aspectos como a consideración social dos actores, a xestión económica das compañías teatrais, os procesos de edición dos textos, os plaxios, os faladoiros... analizando e expoñendo o contexto en que se desenvolveu o talento deste gran xenio.

Autor : Andrés Trapiello

Título : Las vidas de Cervantes : una biografía distinta

A vida de Cervantes talvez sexa o maior enigma da nosa historia literaria. Apenas sabemos nada dela, e todo canto sabemos, dada a magnitude da súa obra, haberá de parecernos pouco. Os que se acheguen a ela verán a Cervantes tras de diversas e estrañas máscaras: así, por debaixo da súa lenda de soldado e cativo, descubrimos o home que coñeceu vendas e percorreu o mundo detrás dunha quimera. Unha biografía documentada, entretida para o lector non especializado, e refrescante para o filólogo non especialista da época do Quixote

Autor : Giuseppe Tomasi di Lampedusa

Título : Byron

Lampedusa ofrécenos este retrato de Byron como novo poeta metido a cachorro de heroe: un exercicio de lectura traspasado de ironía, penetración e sentido do humor. Este siciliano encontrou na biografía de Byron a profesión do culto amor-odio cara á terra materna e, nas súas obras, o desencanto que ilustra o efémero da gloria literaria e da condición humana. Afinidade, identificación, irmandamento, é dicir, a forma máis pracenteira e libre de ler.

Autor : Stefan Zweig

Título : Tres maestros : (Balzac, Dickens, Dostoievski)

“Ensayo ya clásico e imprescindible. Salta Zweig con pericia, emoción y originalidad de la vida a la obra de los tres genios, y recorre, como si de una grande y nueva metanovela se tratara, tanto las vicisitudes biográficas o las psicologías de la creación, como los caracteres, fundamentos e intenciones de los personajes creados, hurgando en los cimientos de unos y de otros con el afán de encontrar las conexiones más esenciales o determinantes entre la vida de los autores y los efectos de su creación genial”. (Fulgencio Argüelles, el Comercio)

Autor : Romain Rolland

Título : Vida de Tolstoi

Coa celebración en 1910 do centenario da morte de Tolstoi, Acantilado recuperou esta biografía do novelista ruso. O autor, Romain Rolland, premio Nobel en 1915, mestre de fondas inquietudes morais, tivo entre os seus discípulos a Stefan Zweig, quen escribiría un libro sobre el e sempre recoñecería a súa influencia. O texto goza dunha excelente tradución, reúne citas de toda a obra de Tostoi, e se acompaña de numerosas notas a pé de páxina, o que o sitúa a medio camiño entre a narración biográfica e o ensaio literario.

Autor : Alfonso Zapico

Título : Dublinés

O asturiano Alfonso Zapico, mergúllouse durante tres anos no proceso de creación de Dublinés, unha novela gráfica centrada na vida de James Joyce na que percorre os momentos, penurias e aventuras coas que se foi construíndo unha das grandes figuras do século XX. O arduo traballo de documentación que supuxo este relato, polo que Zapico obtivo o Premio Nacional do Cómic en 2012, deu á súa vez lugar a un caderno de viaxe, La ruta Joyce , no que relata o seu peculiar percorrido polas cidades que visitou tralos pasos do escritor irlandés.

Autor : Stefan Zweig

Título : El mundo de ayer : memorias de un europeo

Escritor extraordinariamente popular e testemuña de excepción dos cambios que convulsionaron a Europa do século XX entre as dúas guerras mundiais, Zweig recorda os momentos fundamentais da súa vida, paralela á desmembración daquela Europa central que se cría libre e segura. O resultado é un libro capital, un dos mellores de Zweig e referencia inescusable para entender os desvaríos dun século desbastador

Autor : Ian Gibson

Título : Cuatro poetas en guerra

Ian Gibson, un dos hispanistas máis coñecidos do noso país, traza nesta obra un emotivo e atinado percorrido polas vidas de catro magníficos poetas do noso tempo: Federico García Lorca, Antonio Machado, Miguel Hernández e Juan Ramón Jiménez, nun estudo estremecedor sobre a lealdade á causa republicana de catro das mellores voces poéticas da España do século XX, represaliada coa morte no exilio, o fusilamento sen xuízo e a morte no cárcere.

Autor : *Anna Caballé, Israel Rolón*
Título : *Carmen Laforet : una mujer en fuga*

En xaneiro de 1945, unha moza de 23 anos, Carmen Laforet, gañaba, coa súa obra Nada, o Premio Nadal. A novela converteu a autora nunha figura fundamental das letras españolas da posguerra. Agora ben, coa mesma rapidez con que a novela se convertía nun éxito comercial e literario, ela loitaba por preservar a súa intimidade anunciando que non seguiría escribindo. Fíxoo, pero cada novela publicada supuxo un desafío esgotador consigo mesma.

Dirección : *Bennett Miller*
Título : *Capote*

*Baseándose na biografía de **Gerald Clarke**, Bennet Miller nos ofrece esta apaixonante película, centrada no proceso de creación de A Sangre fría, a obra mestra do excéntrico escritor, que lle fixo pasar á historia como un dos grandes, pero tamén o arrastrou ao seu autodestrución. Un retrato coidadoso, apaixonado e sobrio dun escritor tan adorado como envexado, que conta coa magnífica interpretación de **Philip Seymour***

Autor : *Gerald Martin*
Título : *Gabriel García Márquez : una vida*

Gerald Martin, recoñecido crítico de literatura latinoamericana, ofrécenos esta biografía dunha figura fascinante, como persoa e como escritor. Unha obra extraordinaria froito de máis de dezoito anos de traballo, na que desfílan as súas amizades políticas e literarias: Castro, González, Clinton, Cortázar, Vargas-Llosa... entre moitos outros; e debúxanse os seus traxectos vitais.

Autor : *Paul Auster*
Título : *Diario de invierno*

Auster volve a mirada sobre si mesmo e, partindo da chegada dos primeiros sinais da vellez, rememora diferentes episodios da súa vida. E así se suceden as historias: un accidente infantil mentres xogaba ao béisbol, o descubrimento do sexo, a estanza en París, os seus ataques de pánico, as viaxes, os paseos, a presenza da neve, o paso e a ferida do tempo... En definitiva, un maxistral autorretrato.

Autor : *J.M. Coetze*
Título : *Verano*

Un novo biógrafo inglés está traballando nun libro sobre o escritor, John Coetzee. Planea centrarse nos anos da súa vida que van de 1972 a 1977, época en que un Coetzee de trinta anos comparte unha casa arruinada nos arredores de Cidade do Cabo co seu pai viúvo, e comeza a consolidarse como escritor. O biógrafo embárcase nunha serie de entrevistas con persoas que foron importantes na súa vida. Das súas testemuñas emerxe o retrato dun mozo Coetzee torpe, e con pouca facilidade para abrirse aos demais.

Intrépidos!

Novos mundos por coñecer, selvas cheas de perigos, mares tormentosos, cordilleiras infranqueables, desertos de lume e xeo... todo por coñecer, saber, ir mais aló e conquistar a gloria. Viaxaron, exploraron, arriscaron e descubriron novas terras. Coa súa aventura contribuíron a ampliar os nosos horizontes.

Autor : *Mario Vargas Llosa*
Título : *El sueño del celta*

Heroe e descarado, traizoeiro e libertario, moral e inmoral... Roger Casement foi un dos primeiros europeos en denunciar os horrores do colonialismo. Das súas viaxes ao Congo Belga e á Amazonía sudamericana quedaron dous informes que conmocionaron á sociedade do seu tempo. Estas viaxes cambiaron profundamente a Casement e levárono a militar na causa do nacionalismo irlandés. O soño do celta describe unha aventura existencial na que a escuridade do alma humana aparece no seu estado máis puro

Título : *Marco Polo :de Venecia a Xanadú*
Autor : *Laurence Bergreen*

Seguindo a ruta de Marco Polo por China e Mongolia, Bergreen afonda nas controversias que perduran arredor da lenda de Marco Polo, desvelando algunhas das incógnitas que roldan na súa historia e persoa e tentan posibles respostas a outras preguntas que quedan aínda por resolver

Título : *Magallanes*
Autor : *Stefan Zweig*

En 1518 un portugués exiliado en España, Fernando de Magallanes, convenceu a Carlos I do que parecía un proxecto desmesurado: “Existe un camiño que conduce do océano Atlántico ao océano Índico. Dádeme unha flota e demostrareivos como podo dar a volta ao mundo do leste ao oeste”. As crónicas do seu tempo chamaron a este viaxe arredor do mundo “a xesta máis marabillosa da historia”

Título : *1492 : La conquista del paraíso*
